
AGNI E A CHUVIA

Texto de **DORA SALES**

Ilustracións de **ENRIQUE FLORES**

Tradución de **TAMARA ANDRÉS**

Encadernado en cartón. 15 x 23,5 cm. 128 páx. 16 €.

Agni e a chuva (galego)

ISBN 978-84-8464-305-0. Sete Leguas.

Agni y la lluvia (castelán)

ISBN 978-84-8464-303-6. Siete Leguas.

L'Agni i la pluja (catalán)

ISBN 978-84-8464-304-3. Sete Llegües.

...Agni non entende moi ben que é iso de ser pobre. Só ten unha cousa clara: os seus pais, Lalita e el son iso, e todos os veciños do barrio tamén. Sábeo porque cando os adultos falan entre eles adoitan rematar dicindo que son pobres. «Ser pobre non é bo», pensa Agni ao lembrar as caras tristes que poñen os adultos cando din esa palabra. Nunca sorrín...

O sol ponse á mesma hora para todos os habitantes de Bombai. Ao regresar ás súas casas, algúns poderán abrir as billas para lavarse e preparar a cea pero a maioría, que carecen de auga corrente, terán que repartir entre toda a familia o contido dos caldeiros que foron encher ás fontes públicas.

...Como Agni, un neno de dez anos que xa dende os seis traballa nun lavadoiro. Mentras frega e refrega sen parar, Agni soña que algún día cambiará a súa sorte. O seu soño é o dos máis de 250 millóns de nenos e nenas que madrugan cada día, non para ir á escola ou xogar, senón para traballar, forzados polas redes de explotación e de escravitude infantil ou de xeito «voluntario» para axudar as súas familias, sumidas na pobreza.

Unha historia triste -entre a melancolía e a luminosidade- que Dora Sales transmite cunha ollada tenra centrada no valor dos sentimentos, da esperanza e da vontade por progresar do protagonista, que emociona e xera empatía. As acuarelas de Enrique Flores, que destacan polo trazo rápido e imperfecto, transpórtannos ao fogar, á barriada, ao inmenso tendal...



■ **Temática:** traballo e explotación infantil.

■ **Idade recomendada:** a partir de 8 anos; lectores autónomos.

■ **Aspectos destacables:** pobreza, dereitos da infancia, dereitos humanos; inclúe unha relación de lecturas e documentais sobre traballo infantil.

Dora Sales

(Castellón, 1974)

Tradutora especializada en literatura poscolonial, sobre todo india e africana. Ten colaborado con editoriais como Espasa, Siruela, Random House-Mondadori e Altair. Preparou edicións críticas de textos literarios latinoamericanos. Licenciada en Filoloxía Inglesa e doutora en Tradución e Interpretación, actualmente é profesora titular na Universidade Jaume I. Tamén ten experiencia en materia de xestión cultural. Entre outros, é autora dos libros “Y oyes cómo llora el viento” (López) e “Puentes sobre el mundo” (Peter Lang).

Enrique Flores

(Badaxoz, 1967)

Licenciado en Belas Artes pola Universidade Complutense de Madrid, completou a súa formación cun Master en Deseño Gráfico no Central Saint Martin's School of Art and Design de Londres. Traballou como director de arte nunha axencia de publicidade. Dedicado actualmente á ilustración de libros infantís, banda deseñada ou libretas de viaxe, participou en máis dun cento de publicacións; entre elas, “Cuadernos del Sol”, que recompila obras realizadas na acampada do 15-M en Madrid. Colabora con El País e outros medios de comunicación.
<http://www.4ojos.com>